

# Roteiro **Castelao** na Estrada







O roteiro que vos presentamos é unha visita aos lugares que ben pola súa vida persoal, actividade artística ou política, teñen unha directa vinculación co senlleiro Alfonso Daniel Manuel Rodríguez Castelao. **A. Daniel Castelao** é ademais **Fillo Adoptivo do Concello da Estrada** por acordo unánime da Corporación Municipal adoptado en Pleno Extraordinario o 19-10-1986.

No longo período que vai desde 1907 a 1936, Castelao foi descubrindo valiosos elementos do rico patrimonio estradense (románico, cruceiros, pazos, paisaxes,...) e mesmo unha descuberta: a “Estela de Ouzande”, que o forneceron de imaxes que logo utilizaría na súa extensa e marabillosa obra, como recollen os traballos de Xosé Manuel Castaño<sup>1</sup> e Paulo Porta<sup>2</sup> e que nos levan da vila da Estrada a Ouzande, de alí a Guimarei, logo a Lagartóns, e desde alí a Oca co seu Pazo, punto no que, segundo nos refire Manuel García Barros no poético relato **Lembranzas do Pico Sagro** no libro “*Dos meus recordos*” da edición de Carlos Loureiro<sup>3</sup> recolleron ao mestre de Oca e fotógrafo Pedro Brei na excursión que realizaron en xullo de 1925 ao Pico Sacro, este, aínda situado no veciño concello de Boqueixón forma parte da paisaxe estradense; excursión que tamén vos convidamos a realizar.

Na guía, posible grazas ao traballo investigador dos autores locais – Xosé Manuel Castaño, Paulo Porta, Olimpio Arca, Xoán Carlos Garrido e Carlos Loureiro- realizado durante décadas, reproducimos parte das obras de Castelao nas que aparecen os elementos estradenses, as máis delas cedidas xenerosamente polo Museo Provincial de Pontevedra no que se conservan, e por D. Xavier Baltar, aos que agradecemos a súa colaboración. Agradecemento que realizamos tamén á familia de Manuel García Barros e a Noni Araujo, e que facemos extensivo a todas as persoas que fixeron realidade este proxecto.

Agardamos que gocedes co roteiro e, nas proximidades do centenario do casamento de Virxinia e Castelao, cumpridos xa os 125 anos do nacemento do insigne galeguista, comecemos a coñecer e recoñecer a Castelao, íntegro, superando esa visión parcial e incompleta que del se nos deu durante anos, restrinxida ao pintor-escritor-caricaturista que el odiou tanto: *“O arte en min non foi nin será máis que un xeito de expresión do meu nazonalismo. Deixese pois de faguer distingos antre o Castelao-artista e o Castelao nazonalista, eu non teño máis que unha personalidade. Eu son o que fun e o que serei; o que fun soio cos meus pensamentos alá en Compostela, o que son en comunidade de ideas con moitos, o que serei sempre.”*<sup>4</sup>

Primavera de 2011  
Concellería de Medio Rural e Turismo

NOTAS:

1- Castaño García, Xosé Manuel; “A Estrada na obra gráfica de Castelao” A Estrada. Miscelánea histórica e cultural nº 1, 1998

2- Porta Martínez, Paulo; serie de 4 artigos “A Estrada na obra de Castelao” publicados no Tabeirós-Terra. Xornal Cultural da Estrada, nºIV-xuño 1998, nº V-novembro 1998, nº VI-febreiro 1999 e nº VII-xuño 1999

3- Loureiro Rodríguez, Carlos; editor de “Dos Meus Recordos. Manuel García Barros, Ed. Galaxia, Vigo, 2001

4- Rodríguez Castelao, A. Daniel; Carta aberta a Marcelino Pedreira, La Zarpa, 1922, publicada en “Castelao e Bóveda contra os catedráticos hispanos”, A Nosa Terra Diario.



Foto co gallo do casamento, o 19-10-1912, Museo de Pontevedra. Cartaz da Campaña pro-Estatuto deseñado por Castelao (arriba). Portada do nº extraordinario do Unión Estradense coa foto de Virxinia, na que se publicou a Carta aos Estradenses

# AOS ESTRADENSES



## Por Castelao

*Conozo a Estrada dende fai moito tempo. Teño da Estrada tantas lembranzas vellas!. Eu tomaba o coche de Mato, cando estudaba en Sant-lago, e marchábame á Estrada onde tiña unha moza: a filla solteira de Don Camilo Pereira. Con ela me casei, van alá 30 anos, e alí tivemos un fillo, que foi a nosa mellor ilusión e hoxe é a nosa mágoa. Na Estrada atopei c-un amigo entrañable, un irmán par-a a causa que debía embeber a miña vida. Era Antón Lousada Diéguez, que agora xace co meu fillo, na mesma sepultura. Na Estrada contei con amigos inesquecibles, uns xa desaparecidos, outros desviados do meu camiño ideolóxico e os máis aínda fideles á causa galeguista. Senteime mil veces nos bancos públicos da Estrada, no anoitecer de mil días, e alí despelexábase aos caciques. Apaguei a miña sede na fonte da praza, onde corre a i-auga mellor do mundo. Deiteime nas carballeiras sombrizas da Estrada, nu-n abandono total do meu ser. Fun a moitas feiras e romerías, San Pedro de Toedo!, San Lourenzo de Ouzande!, San Xulián de Guimarey!. Lin os semanarios estradenses, portavoces de moitas cruzadas políticas, e fun colaborador de "El Emigrante". Falei en moitos mítins de propaganda política: na Praza, no Mercado, no Campo da Feira... A derradeira vez que falei na Estrada foi na propaganda estatutista... Estaba eu falando a tres mil estradenses e voaba por riba de nós un avión que deixaba caer exemplares do noso Estatuto... Foi o derradeiro mitin ao que asistín alá... e non-o podo esquecer. Aínda estou vendo a seis labregos montados en outros tantos cabalos, escoitándonos... En fin; a Estrada é o escenario en que se desenrolaron as máis punxentes esceas do meu pasado vivir. O mesmo apelido que eu levo procede da Ulla, d-un abó meu, que baixou á ribeira do mar coa mesma intención amorosa con que, decorridos moitos anos, rubín eu á montaña.*

*Dín que as campás de Liripio fan escorrentar os tronos. Ogallá que resoen en Bos Aires as campás de Liripio e fagan posible a unión de tódol-os estradenses!. Que se xunten os ríos estradenses e que o seu poderoso caudal desemboque n-outra máis poderosa unidade: na unidade patriótica dos galegos. E perdoádeme que vos manifeste este meu anxeo, pois somentes teño dereito a facelo despois de invocar o meu amor á Estrada.*

**UNIÓN ESTRADENSE. 1941**

# A vila da Estrada



Debuxo de Castelao e Virxinia



Casa familiar dos Pereira-Renda, na rúa Pérez Viondi 4

Castelao chegou á Estrada da man de Virxinia Pereira Renda, filla de Camilo Pereira Freijenedo - avogado de renome que fora deputado provincial-, Virxinia, xunto coa súa irmá Eva, comezou a acudir a Santiago de Compostela en 1907 onde outra súa irmá, Sara, tiña fixado residencia tras o casamento con Alfredo Pérez Viondi, como nos conta Olimpio Arca<sup>1</sup>, alí estudaba Castelao a carreira de medicina. Tras anos de relación casan o 19 de outubro de 1912 na antiga igrexa de San Paio -da que se conserva unha reixa no Museo do Pobo Estradense "Reimóndez Portela" -, oficiando o casamento Antonio Rey Soto, o amigo crego poeta de Daniel. Eses tempos máis os posteriores quedaron reflectidos na Carta aos Estradenses, que reproducimos, publicada no xornal da *Unión Estradense*, recuperada por Xoán Carlos Garrido<sup>2</sup>, na que lembra con emoción o último mitin da campaña pro Estatuto en

xuño do 1936.

En 1914 naceu o seu único fillo Alfonso Xesús, tras trasladarse de Rianxo a Pontevedra; a delicada saúde do fillo -ao que alcumaban Pachucho - fixo que pasaran na Estrada a maior parte dos veráns -eran os tempos das "Curas de Aires" polas que a Estrada tiña tanta sona- ata o pasamento do neno con só 14 anos. Na vila da Estrada, na que pode comezar ou rematar a visita, atópase a casa familiar de Virxinia Pereira, na, hoxe, Rúa Pérez Viondi -o que fora seu cuñado-, e que daquela estaba en terreos da parroquia de Ouzande. Foi a casa familiar ata que en 1928 foi vendida polos seus pais, trasladados a Pontevedra. Na rúa San Paio 11 está a que foi a pensión Mato na que durmía Castelao nas visitas á Estrada.





Antiga igrexa de San Paio onde se celebrou o casamento de Virxinia e Castelao



1



2

1-Manuel Mato, no ultramarinos, pensión e casa de transportes de viaxeiros no que paraba Castelao cando viña a ver a Virxinia. rúa San Paio 11. (cedida por o neto Fernando Porto, artista estradense)

2- Cadro "A Dona do Pazo" no que Castelao immortalizou a Virxinia, segundo nos desvelou Noni Araujo.MDP

3-Escaleira de acceso ao 1º andar no que tivo a súa sede o Recreo Cultural de 1928 a 1978. Actualmente café A Farola



3

1



2



3



1- Cómoda e espello do dormitorio de Castelao e Virxinia 2- Museo do Pobo Estradense Reimóndez Portela 3-Enreixada da antiga Igrexa tamén no museo

No Museo do Pobo Estradense “Reimóndez Portela” atópanse parte do dormitorio do matrimonio, a cómoda, o espello e dúas mesiñas, entre outros; e unha augada pintada por Castelao adquirida polo Museo.

Repousan tamén no cemiterio parroquial de San Paio, en Figuerroa, os restos do fillo, Alfonso Xesús e Virxinia, trasladados aquí en 1986, onde repousan *“ollando cara ó norde á igrexa de San Domingos de Bonabal onde durme o sono eterno o seu Castelao”*<sup>3</sup>.

Na Estrada atópanse tamén dous óleos de gran formato “O cego de romería” e “Nena con cabuxa” pintados por Castelao para a “Sociedad El Gimnasio” da Estrada, escisión do “Casino de Estra-

da” en 1907, coa que voltaría a unificarse en 1928, data no que se fixou a sede da nova entidade resultante da fusión, o “Recreo Cultural”, no 1º andar do edificio promovido por Porto Verdura “O Escobeiro” na Praza da Farola, onde se mantivo ata 1978, ano no que se trasladou ás novas e actuais instalacións de Matalobos<sup>4</sup>.

NOTAS:

1- Arca Caldas, Olimpio; “As dúas mulleres de Castelao” A Estrada. Miscelánea histórica e cultural nº 2, 1999

2- Garrido Couceiro, Xoán Carlos; “Manuel García Barros. Loitando sempre”. Ed. FOUCE, Lugo, 1995

3- Arca Caldas, Olimpio; Op. Cit.

4- Arca Caldas, Olimpio; “Memoria Histórica do Recreo Cultural”, Recreo Cultural A Estrada, 1995





4



6



5



7

4- Tumba de Virxina e Alfonso Xesús no cemiterio San Paio de Figueiroa. 5-Augada adquirida polo Museo Reimóndez Portela 6/7-Óleos Nena con Cabuxa e o Cego na romería.

# Ouzande



“Rectoral de Ouzande”, augada. Museo de Pontevedra

Seguramente foi a parroquia máis visitada por Castelao na súa época estradense. Entre outras razóns pola proximidade á casa familiar de Vixinia, e polo número de obras nas que aparecen lugares como a igrexa, o cruceiro ou a estela funeraria.

A ábsida da igrexa ten un aspecto característico, porque carece das columnas acaroadas que teñen case todas as igrexas románicas, e porque remata nunha figura do agnus dei cunha cruz de malta moi visible.

Castelao parouse para debuxar esta ábsida alomenos en dúas ocasións, xa que se conservan no Museo de Pontevedra un debuxo a lapis e un óleo sobre cartón.

O debuxo é sinxelo, cunha perspectiva acusada e non inclúe o campanario. O cadro é máis detallado, e parece o punto de partida para incorporar esta vista da igrexa noutros cadros posteriores, como o chamado *Reitoral*, no que aparece outro edificio que provén seguramente dalgún esbozo tomado noutra parroquia diferente, e para nós descoñecida. Nunha versión posterior, *O cura de aldea*, completan a composición un crego e un can.

A igrexa aparecerá varias veces máis, como no debuxo da festa publicado en *La Voz de Galicia* de Buenos Aires, en 1914, ou *O Consello do pai*, conservado tamén no Museo de Pontevedra.





Agnus Dei da igrexa de Ouzande



Vista actual da igrexa de Ouzande, e cruceiro do adro da igrexa, os dous aparecen reflectidos en varias ocasións na obra de Castelao







Cruceiro en Ouzande e óleo “Eirexa románica” . MDP

O Consello do Pai. MDP

O uso simbólico dos motivos na obra de Castelao fixo que certas frases, personaxes e elementos gráficos aparezan repetidas veces asociados a mensaxes ou temas concretos. Un caso claro é o de Ouzande co tema da emigración. O debuxo do consello do pai deu lugar a numerosas variacións posteriores, nas que a igrexa

desaparece, substituída por dúas árbores. Pero o interesante é que tempo despois, cando moitas viñetas falan do fracaso dos emigrantes que volven enfermos, sen cartos nin vitalidade, nunha das máis coñecidas, *Por gañar un pouquiño máis de diñeiro Farruco chega tarde pra revivir*, reaparece a silueta da igrexa de Ouzande.




Debuxos referentes a Ouzande en "As Cruces de Pedra na Galiza" Museo de Pontevedra (MDP)

O cruceiro que hai diante da entrada da igrexa de Ouzande debeu chamar a atención de Castelao.

A figura da Virxe con Xesús morto e o orixinal deseño dos remates da cruz aparecen varias veces no traballo *As cruces de pedra na*

*Galiza*. Na mesma obra aparece tamén o cristo dun cruceiro que hai por detrás da igrexa, no actual campo da festa. Esta figura desprendeuse hai anos e só quedan na cruz as mans e parte da roupaxe.



Debuxo da Estela de Ouzande



Bosquexo da Estela galaico-romana na súa situación. ambos no MDP

Tamén está presente nas Cruces de pedra a estela funeraria galaico-romana que Castelao atopou, paseando por Ouzande co seu sogro Camilo Pereira. Non dubidou en recoller en varios apuntamentos os detalles da peza, que como pode verse servía de batente para unha cancela de madeira.

A estela sería levada ao Museo de Pontevedra, do que Castelao

foi promotor destacado. Máis tarde foi protagonista dunha viñeta en Cousas da vida, na que, co seu fino humor, Castelao nos facía reflexionar sobre a importancia relativa que teñen as cousas dependendo de quen as mire:

- *“Que vella debe ser esta pedra!*

- *Supoño que será tan vella coma todas as pedras.*



# Guimarei



Augada da Torre de Guimarei -Museo de Pontevedra (MDP)- esta vista aparece ilustrando o debuxo do refrán “*as casas dos señores van ás mans dos labradores*” publicado en 1924 no diario de Galicia

Tamén en Guimarei atopou Castelao varios motivos de interese para os seus debuxos: o pazo coa torre, un cruceiro próximo, e as gradas de acceso á igrexa parroquial.

Do pazo coa torre pintou dúas acuarelas. Unha delas representa a torre tal como a atopamos baixando dende A Estrada, enmarcada por un arco cuberto de edras que dá entrada á finca pola parte da fachada principal do pequeno pazo, que case non se ve. A segunda céntrase tamén na torre, pero dende o sur, a menos distancia e deixando ver parte da fachada traseira do pazo.

A vista norte da torre foi un dos motivos arquitectónicos máis repetidos na obra de Castelao, e vinculada simbolicamente á fidalguía e os foros, do mesmo xeito que pasaba con Ouzande e o tema da emigración.

A supresión dos foros era unha das principais reivindicacións dos agraristas, con implicación de figuras locais como Torres Agrelo, García Barros, e achegados como Chinto Crespo, Losada Diéguez e o mesmo Castelao. Abundaron os mitins como o de 1912 no campo da Feira que contou entre outros co crego Basilio Álvarez. Castelao caricaturizouno en actitude vehemente en varios debuxos, e non sería raro que algún deles fose feito nesta ocasión.

A partir de aquí, a torre de Guimarei foi a imaxe coa que Castelao criticou a imposición dos foros. Son moi coñecidos o debuxo a pluma aparecido na revista Suevia en 1916, a posterior lámina 13 do álbum *Nós*, ambas as dúas obras co lema *Dous vellos amigos: os foros e as oblatas*.





Torre e pazo de Guimarei



Augada da Torre de Guimarei. MDP

Ilustración do "Último Hidalgo de Gotera" publicado en  
La Ilustración Española y Americana, en 1915 (Madrid)  
-página seguinte-








1



3



4




2



5

- 1-Acesso ao adro da igreja
- 2-Debuxo do aceso ao adro. MDP
- 3-Cruceiro
- 4-Bosquexo do cruceiro. MDP
- 5-Torre de Guimarei





Debuxo da portada do Pazo de Guimarei. MDP

A mesma torre co arco acompañou a figura do fidalgo a ilustración de portada de *“El último hidalgo de gotera”*, narración de Luis A. Del Olmet publicada en *La Ilustración española y americana*, en 1915. Tamén, dun xeito simplificado, asoma a torre en cadros como *Conto de cegos*, merecedor dunha medalla na Exposición Nacional de Bellas Artes de 1915, *Moza con cabuxa*, agasallo de Castelao que se conserva no Recreo Cultural, ou debuxos como *O maior contribuyente*, aparecido en 1917 no nº 39 de *A Nosa Terra*, outravolta relacionado co tema das contribucións, nunha viñeta de 1924 en *Galicia de Vigo*, co texto *Escoita este refrán: as casas dos*

*señores van ás mans dos labradores.*

Outros apuntamentos de Castelao recollen a parte superior da porta do pazo co escudo, e o cruceiro próximo á torre. Este último é un esbozo moi sinxelo, pero o deseño dos remates da cruz foi incluído tamén nas *Cruces de pedra*.

Completan ou grupo de obras que representan lugares de Guimarei dous debuxos que recollen a particular estrutura en pedra da entrada ao adro da igrexa parroquial.

# Lagartóns



Augada da Ponte Vella. MDP

Nesta parroquia hai dous lugares debuxados por Castelao. O primeiro é un cruceiro moi próximo á estrada que sae da Estrada cara Vinseiro. O seu estado de conservación é malo, e a figura da Virxe sostendo a Cristo, que tamén aparece no libro *As cruces de pedra na Galiza*, mantense aínda no seu sitio grazas a unhas grampas de ferro. Pero os brazos da cruz non están, e seguramente xa non estaban cando Castelao reparou no cruceiro, porque non aparecen no deseño.

A ponte vella sobre o río Liñares é a protagonista de dous debuxos coloreados que hai no Museo de Pontevedra. Igual que no arco que enmarcaba a torre de Guimarei, Castelao recrease no detalle da vexetación que cubre case toda a pedra. Nun deles parece ser o motivo principal, mentras que no outro aparecen dous nenos. Unha terceira versión é unha viñeta da serie *Cousas da vida*, cun punto de vista semellante ao primeiro debuxo, pero cos nenos dubidando de que o sol estea quedo, como lles di o mestre.





Ponte románica sobre o río Liñares



Debuxo do cruceiro de Lagartóns publicado en "As cruces de Pedra na Galiza", e imaxe actual do cruceiro






# Pazo de Oca



1-Pazo de Oca. 2-Acceso ao Carreiro dos Tileiros  
3- Apuntamentos do acceso. MDP

Coñecemos dous debuxos feitos por Castelao no Pazo de Oca. O primeiro representa unha fonte labrada en pedra que podemos ver na parede do edificio, xusto ao pasar ao recinto axardiñado dos estanques. É un debuxo moi detallado, que tería unha segunda versión, na ilustración do primeiro relato de *Cousas*, titulado *Chamábanlle a marquesiña*.

O motivo do segundo debuxo é unha pequena escalinata redonda flanqueada por dous bancos de pedra, que dá paso ao corredor ou paseo dos tilos, na zona central dos xardíns do Pazo de Oca.









*Reducir a 105 mm. de ancho*

*A Marquesiña*

## **A Marquesiña**

(COUSAS, 1926-1929)

*Chámanlle a "Marquesiña" e os seus peños endexamais se calzaron.*

*Vai á fonte, depelica patacas e chámanlle a "Marquesiña".*

*Non foi á escola por non ter chabmbra que pór e chámanlle a "Marquesiña".*

*Non probou máis lambetadas que unha pedra de zucre e chámanlle a "Marquesiña".*

*A súa nai é tan probe que traballa de xornaleira na casa do Marqués.*

*¡E aínda lle chaman a "Marquesiña"!*



Fonte do Pazo da que realizou varios debuxos que se topan tamén no MDP





Ribeiras do Ulla en Berres

## Lembranza do Pico Sacro

Pra Virxinia Pereira, viúva de Castelao, *recordando* días risoños e inda esperanzados.

### Ken Keirades

Era, ou debía ser ben pequeno cando meu pai me levou ó Pico Sagro. Dende a miña casa non se vía, pro un pouco máis arriba, dende as veigas onde andabamos co gando pola corda, ou dende as toxeias onde, se cadraba o botabamos ceibo, víase todo enteiro dos pés á cabeza. Nos días de sol facíanos de cuadrante, pois cando a sombra dun guiaba dreita ó máis salente da punta non eran as 12 de todo, pro estaban a caír. E tamén de “pronóstico” pois ó pousárense alí as brétemas era, e segue sendo, sinal de mal tempo.

A impresión que nos daba, a min ó menos, a vista do Pico Sagro non era a dun monte coma os demais que víamos senón a dun altar facéndolle de camarín ás aldeas que figuraban pequeniñas, pousadas por il arriba ou, máis ben, a dunha Nosa Señora sentada, coma as que víamos nos cruceiros, cuio manto, cubríndolle a cabeza e ombreiros, se ía ancheando e alongando hastra pousarse no río Ulla que pasaba bicándolle os pés. Ou onde non decían que cadraba, pois nosoutros, os rapaces, non o coñeciamos máis que

por certo ruxido que soía ouvirse algunhas mañáns sereas producido, asegún nos decían, por unha aceña que alí había e que non alcancei a ver xamais.

Espertánome ben cediño e cando saímos inda non se vía; pro cando chegamos ó río xa era día craro. Moito me entusiasinou o velo! Xamais vira tanta auga xunta. E aquíl correr tan mansiño que siquera se sabía se corría. O carreiriño que nos levaba cara á ponte ía mesmo pola beiriña da auga arredada soio por unha orela estreita cuberta de herbas longas que botaban as puntas a nadar no río, de entre as que saían tamén árbores semellantes ós que víamos polos rigueiros da nosa aldea. Nos sitios en que mellor podía verse parábámonos a miriar, e nunha destas paradas meu pai, que levaba unha pedra collida máis atrás, sen que souberamos pra que a collera, díxonos aos que íbamos, algúns tamén rapaces, que mirásemos ben, e dito isto tirouna por alto e con forza que foi caír ben adiante no río. No sitio onde caeu i o momento de bater na auga formouse nista unha rodiña que comezou a medrar facéndose cada ves máis grande, logo dentro dila formouse outra do mesmo xeito, logo outra e outra, unha chea delas que nacendo no mesmo punto ían medrando sempre a igoal distancia unhas das outras indo a morrer todas, cada cal á súa ves, a máis de catro varas á redonda do punto de onde saían. Eu quixen tamén facer a proba, pro non atopei pedra axeitada. Ademais tirábame a ponte





O Pico Sacro, debuxado dende a banda estradense do Val do Ulla, probablemente preto do Pazo de Oca

que xa albiscara por baixo das pólas dos ameneiros.

Eu vira xa a ponte de Liñares unha ves que fora á vila, pro aquela, a da Ulla, tíñache que ver! Era moito máis grande, e máis ben feita; hastra tiña miradores polas dúas bandas. Dende alí si que daba gusto ver o río e os lugares, tamén bonitos, que había polas súas beiras. Pola banda de arriba víase o Coto de Gundián alí pretoño, e ós pés dil o Pozo de San Xoán da Cova a onde iríamos á volta, se cadraba (que non cadrou) e pola outra víase ir o río sempre mansiño cara a un sitio que xa víamos, en que se parte en dous, índose cada mitá pola súa banda, volvendo a xuntarse un pouco máis adiante, fixándome tamén en que, a carón da ponte, había casas máis boas, algunhas tan á beira da auga que, calquera cousa que

caira polas ventanas podería moi ben ir dar a ela. Prendida cunha corda ó pé dun ameneiro estaba unha barquiña que foi o primeiro navío que eu vin. Mirando pró río dende a orela da ponte acordeime dun conto que lle ouvira contar a meu pai máis dunha ves. Fora un crego que na romería de Gundián andaba por alí ás misas, cousa que nos tempos do conto puidera moi ben suceder. E as misas que lle daban íbaas apuntando cunha navalla nunha vara que levaba na man. Cada misa unha cortaduriña. E sucedeu que, vindo de volta, e pola ponte, así coma para descansar debrozouse no antepeito da orela mirando o pasar da auga. E estando así, nun descoido, fôiselle a vara ó río; e vendo que a cousa non tiña volta, escramou: -Vaia que che foi boa! Vara, inda poderei arranxar outra, pro as misas levounas o demo.





Paisaxe do Pico Sacro desde Riobo





Imaxe do San Sebastián o día da súa romaría



Brétemas no abreinte no curso do río Ulla

A min tiñaseme figurado que para aló do río, para chegar ó Pico, todo era ir arriba. Por iso me sorprende o ver que pasabamos treitos longos sen ter nada que sobir. Ás veces inda tiñamos que baixar. E lugares, e parroquias coa súa ilesia, e veigas, e carballleiras, todo en terra chan. E todo ademais sen ver o Pico pra nada. Cando chegamos a velo xa o tiñamos case enriba da cabeza.

Era o día da festa do Santo do Pico, San Sebastián, que ten alí a súa capeliña, soitaria, anque aquel día non o estaba. Había bastante xente, algunha escoitando a misa, a máis dela dende fóra, pois na casuca do Santo ben pouca podería caber; outra sentada por alí formando roda ó redor dun mantel ou servelleta co pantrigo, tomando a parva e escoitando os violíns dos cegos e as copras cheas de inxenio que descurrían pra que lles botasen unha codia na pandeireta, que non decote era do pantrigo que estaba á vista senón que moitos, ou mellor dito moitas, levábano da casa, do de millo, pra istes mesteres. E outros, prencipalmente homes, adicados a subir ó cumio do monte, ou a baixar do mesmo. Eu tamén fun, non faltaba máis. Sei que por algún treito subín a gatas aga-

rrándome ás carpazas, indo meu pai detrás, que non me deixaba de ollo. Ó pórme de pé na cima e ver dun golpe todo canto dende alí se vía, quedeime abraiado. Fegurábaseme que vía o mundo dende fóra dil. Meu pai tróuxome á realidade mostrándome puntos coñecidos: o Xesteira, o Arnado, Castrovite, e parroquias, incluso a nosa, cuia ilesia se vía refrexar alá lonxísimo, igotal que as das veciñas. A prencipal ocupación dos que alí estaban era a descuberta de lugares, con máis afinco cada coal o seu. Tamén se vía Santiago, bastante mellor que dende o monte dos Carballiños pra onde soiamos ir co gando e miralo en días craros, e hastra algunha ves na noite da vispra do Apóstolo pra ver o fogo, sen que xamais viramos nada. Tamén fomos a ver a cova e tiven o valor suficiente pra chegar por ela a onde dá a volta cara abaixo e tirar a miña pedra escoitando como zoaban os golpes que iba dando contra os penedos da fondura.

Tal foi o meu primeiro viaxe ó Pico Sagro. O segundo e quizais derradeiro, tardei bastantes anos en facelo.



Vista de “*Onde o río se parte en dous*”. García Barros

Sobreira dos Hórros en Balboa, Arnois “a máis vella de Galiza” no camiño do Pico sacro

Eran os tempos da primeira Ditadura, que tiñamos por mala! Andaba Castelao pola Estrada, onde soía pasar longas tempadas. Eu non vivía na vila, pro tiña alí uns entretimentos e ía tódolos días, non sendo os de gardar. Viámonos case a decotío, e falabamos moito; mellor dito, falaba il. Eu bo era se sabía escoitar. Unha tarde crara de alta primavera estabamos na galeiría do Centro de Emigrados, simpática orgaización criada e sostida polos estradenses da Habana. Dende alí víase moi ben o Pico Sagro. Castelao nunca alí chegara. E foi cando se me suxereu a idea de levar alí a Castelao.


Falei con Otero Abelleira, director do El Emigrado, periódico sostido polo devandito Centro, que tanto contribuíu á cultura i ó progreso da comarca e inda de Galiza. Otero Abilleira, encantado da idea, sumándosenos deseguida, outro amigo da Vila, o procurador don Manuel Castelo. Facía falla un automóbil, dende logo, que non custara cartos. Tíñao o médico de Moreira e municipal da Estrada,

doutor don Manuel Nodar Magán, bo amigo, que non se nos negou a levalo. Por último requerín a outro amigo, don Pedro Brei Guerra, mestre de Oca, que tiña un estupendo equipo fotográfico e unhas boas mans pra manexalo.

Os da Vila entendéronse coas provisións. E un domingo de mañán, cun sol fermoso e bastante alto, arrincamos con Castelao cara ó Pico Sagro. A carón da praza de Oca agardábanos Pedro Brei con tódolos avíos da súa arte. Estaba xa preparado e disposto a botarse a andar. Pro, de volta pra súa casa. Ibamos con dúas horas de retraso...

Chegados ó Vinteseis propuxémonos deixar o coche i os avituallamentos na quinta de don Manoel Sinde, un “americano” con máis pesetas que fame delas pasamos moitos nesta vida. Dos que ibamos nengún o coñecía máis que un pouco de referencias. Pro, estabamos seguros de que abundaría con nomear a Castelao pra





- 1- Manuel García Barros
- 2- Fillo maior de G. Barros
- 3- Castelao
- 4- Otero Abelleira
- 5- Nodar Magán
- 6- Manuel Catedo
- 7- Manuel Sinde

Fotografía da excursión cedida pola familia de Manuel García Barros



sermos ben acollidos.

Así foi. Recibeunos con toda ledicia índose a Castelao cos brazos abertos coma se o conocera de sempre. Alí, á súa casa, chegaban tamén “os homes” e “as mulleres” que saían no Faro a decotío . O caso constituía pra il un acontecemento.

Aquil domingo había festa na parroquia e Sinde estaba preparándose pra saír prá misa. Enteirado dos nosos propósitos, pensou un intre, e ó cabo dixo: -Vou ir tamén. Colgouse do ombreiro uns grandes prismáticos, colleuse un bastón de camiño, asubioulle ó can, un can coma un becerro de dous meses, e alá nos fomos todos á conquista do Pico Sagro.

O Sinde era un falador sempiterno. Falaba de todo e decote. Era dises faladores que nunca precuran o diálogo; o que queren é ouvidos que escoiten, e se son de categoría, xa non digamos.

Colleuse a Castelao por banda e xa non o deixou. Os demais apenas contabamos. Castelao contounos despois que estivera pra darlle un viraxe, pro comprendeu que non podía ser. E en vez de poder gozarse na contemprazón daquel paisaxe de tan variadas e solprendentes perspeitivas ouxeto principal daquel viaxe, boa parte do mesmo tivo que ir prisioneiro da locuacidade dun señor moi simpático e todo o que se queira, pro que lle absorvía a atención con asuntos que a il, a Castelao, pouco lle interesaban, e dende logo alleos ó ouxeto que alí nos levaba. Anque o Sinde entendía tamén un pouco de pintura. Contoulle como fixera un coadro vello e como se fora coíl a París gastándose unha porción de pesetas pra que llo declararan auténtico. O que non pododo recordar é se o conseguira, pro coído que non. Enteneou tamén moito sobre o proieuto que se lle iba ocorriendo de levar a Castelao ás Américas asegurándolle éisitos redondos, pro Castelao non se deixou convencer. Cando lle puíden preguntar por que non lle acetaba, díxome que lle agradecía a atención, dende logo, e que il iría de boa gana a América, pro

de ningún xeito contratado coma se fora unha tiple ou un toureiro. Con todo, podía verse que o Sinde non era completamente un profano en varias materias de que trataba, senón que tiña os seus coñecementos e a súa esperencia, pro o que eu lles decía ós outros: - Coidabamos traer a Castelao ó Pico Sagro e trouxémosllo a Sinde.

E así fomos chegando ás dúas sobreiras solitarias que pouco antes da ermida acochan unha fonteliña que pode chamarse milagrosa pois non se comprende de onde nin de que xeito poida ir deica alí a auga. Pretiño da cima, coma engarzada nas penas, está a ermida, que é de forma tan primitiva que máis ben figura case-ta de feira. Con todo, non desentoa do conxunto paisaxístico que contribúe a formar. Quizais estea como debe estar. Estaba pecha e silenciosa, sen siquera un pardal polo aleiro. Dimos volta pola banda oposta onde se atopa o único subideiro pra ir ó cumio. Uns con máis traballo, outros con menos, todos chegamos a il. Alí, no curuto do Pico, que dende lonxe figura apuntado, inda se poden dar uns paseños curtos. Xa non estaba a gran crus de madeira que había cando eu fora e que podía albiscarse dende dúas ou máis leguas á redonda. No seu lugar estaba o pegote dun castelete de cemento que lle cai tan ben ó Pico coma un pitillo na boca a unha Nosa Señora.

Eu tiña desexos de lle porbar os prismáticos a Sinde. O que eran xa o sabía, pro inda non tivera ocasión de pór ningún ós ollos. Eu levaba tamén uns xemelos dos correntes, pro dábame vergonza desempaquetalos. Cando me chegou o turno puxen os dil á cara e quedeime un pouco defraudado. Os meus non alcanzaban tanto, pro abarcan maior campo e víase con máis craridade. Foron os que máis andaron.

Eu quixera poder refrexar como era debido as impresións espi-mentadas no cumio do Pico Sagro, pro, non vendo como facelo no seu lugar vou a pór eiquí un párrafo doutro traballo meu inédito (e trazas) anque feito xa fai anos: “Din polo San Andrés de Teixido que o que non vaia alí de vivo terá que ir de morto. Eu coído que non irei alí de vivo, e non porque non sinta desexos de facelo. En canto a ir de morto é cousa que me ten sen coidado ningún. Pero, o que penso e digo é que ningún galego que sinta agarimos pola Terra e teña un pouco de gosto e meios de satisfacelo, debera morrer sen ter sobido, unha ves siquera ó cumio do Pico Sagro”.

Á baixada atópase deseguida a gran boca da cova. Non recordo os que entramos nela, pro coído que non fomos todos. O que recordo ben e que entrei diante, e tras min Castelao. Mentras fomos por llano e chegaba bastante lus de fóra foi indo ben a cousa, pro ó irse estreitando a cabida e índose a lus a menos e o piso deixaba de ser chan, Castelao dou en tirarme da chaqueta coutándome de

que fora máis adiante. Eu díxenlle que tiñamos que ir un anaco máis adentro e subir agarrándose como se poidera unha costiña que levaba ó sitio onde a cova torce cara ó fondo, se o ten, pois inda ningún puido sabelo, para tirar unhas pedras que levaba ó efeito e quería que ouvira il como zoaban, pro il dixo que as escoitaba dende alí, negándose a dar unha pasada máis como non fose pra tras. Daquela apoliqueime como puiden adentrándome hastra o sitio menzoado e dende alí lancei as pedras, unha seguida da outra, que se foron polas paredes abaixo zoando en cada golpe coma se bateran nunha gran pipa baleira. Pregunteille logo a Castelao se ouvira o zunido e díxome que si, pro non quedei moi seguro de que así fora. O que vin craro era que il non estaba alí moi a gusto, e se me esperou foi por non me deixar alí soio.

Xa fóra preparou Brei Guerra os avíos pra face-los retratos. Fixose o primeiro na entrada da Cova con Sinde sentado a unha banda co can botado ós pés, e os demais á outra uns tumbados e outros polas penedas arriba colocados a discreución. Outro fómolo facer á chamada “Rúa da Raiña Lupa”, unha especie de calexón recuberto de carpazas e uces; seguidamente retratamos a ermida, non podendo retratar o santo por estar pechado dentro.

Dunha peneda que os tiña, colleu Otero Abelleira un croíño cristalizado e gardouno pra recordo, pois “probabelmente non volveríamos alí”. Eu protestei ouvindo aquilo. Por que non haberíamos volver? Era aquil quizais un viaxe a Roma? Tardei moito en perder o mentres de volver alí. Pro agora xa miro o Pico Sagro con certa pena, pois “probabelmente” non volverei alá.

Cando chegamos de volta ó Vinteseis xa eran ben horas de xantar. Fixémolo postos ó redor dunha ampra mesa de pedra na horta, ou xardín, de Sinde, baixo a sombra agarimante dunhas frondosas acacias, si é que eran acacias, que xa non estou moi seguro. Ó que nós levabamos agregoulle Sinde bastante máis da súa cocíña pónonos o servico que nos faltaba. Porbounos o viño e mandou vir outro tanto do que il tiña para mesturarlle, co fin de melloralo. Il non comeu conosco, pro á hora oportuna apareceu co café con todo o demais que soie usarse nesta cras de solemnidades, incluso unha caixa de puros dos lexítimos, sen estreir. Alí portóusenos Sinde espiéndido cal conviña á outra categoría do xenial artista que tiña na súa pousa. Antes de saír pasamos á escalinata de entrada pra nos retratar todos coíl e a súa familia.


Gardamos prá volta a visita ó pozo de san Xoán da Cova. Vendo isto, Sinde mandou preparar o seu auto pra vir tamén deica alí. E así ibamos, o noso coche diante e o de Sinde atrás, cando nun lugar da carreteira, que seica había algo de festa pola xente que por alí se vía, o condutor do noso vendo, ou crendo ver, que unhas mulleres se lle puñan por diante, co fin de arredarse dou un viraxe







O Ulla



"A felicidade lonxe dos homes", autocaricatura publicada en *Cousas* que ben puidese estar inspirada nesta viaxe .

rápido índolle a dar unha soberba cotada na traseira a unha camioneta que estaba alí parada, facéndoa ir un bo anaco para máis adiante. A camioneta, gracias a fuxirse, seica pouco mal lle fixo. O do noso reduceuse a saltárenlle os dous ollos. Nosoutros, os que ibamos dentro, tamén saltamos de raio, pro ningún caeu fóra.

Seguimo-lo viaxe tirando cara á Ulla. Antes da entrada torcemos pola carreteira do Codeso, que é a que vai a Arzúa, pra ir ó pozo de San Xoán da Cova, que está alí pretiño. Tamén se pode ir por baixo por un carreiriño que vai pola mesma orella do río, pro o mellor é velo pola banda de arriba, anque unha vista non quita á outra.

O chamado Pozo non é máis que o paso calado do río por antre dous despenadeiros, coma se a serra fora por alí tronzada pra lle dar camiño á auga, que o colle mansiñamente sen nengunha cras de violencia. Daquela banda, igoal que da outra, pódese ver ben todo, pois non hai ningunha cras de vexetación que o empida. Todo é abrupto, escarpado, dende a cima á fondura por onde a auga pasa e, anque a caída é bastante bulideira, hai sitios onde pórse pra poder mirala sen moito resgo dun esvarrón. Castelao, en ves de avanzar con nós, quedouse un anaco atrás recostado sobre o céspede que facían mol esas carpaciñas enanas de cuia frol tanto gustan as abellas. Ó decirlle se non viña, dixo que si, que

xa iría. Cando lle pareceu tendeu de papo abaixo, tirou a unha banda o chapeu e arrastro, camiñando sobre os cóbados, foise achegando pouquiño a pouco ó borde do barranco e ó estar na beira foi botando a cabeza, tamén pouquiño a pouco, hastra botar os ollos o suficiente pra ver aquilo. Estivo así uns intres quedo, sen reboir miga e ó cabo foise ceando hastra poder revirarse e pórse de pé. Eu xa lle collera o sombreiro, que o puxo a mar de satisfeito pola aventura que acababa de realizar.

Coido que alguén ten dito que Castelao era un neno grande. Eu tamén así o creo. Un neno grande pro con moitísimo coñecimento.

Dista excursión, da que acabo de ocuparme, fixen daquela unha reportaxe que se publicou coas fotografías en *Céltiga de Bos Aires*, e seguido en *Vida Gallega*, de Vigo. Dos que fomos a ela, de Sinde deixei de ouvir falar, coma de moitas cousas máis, os outros inda imos andando por antre os vivos, non sendo Castelao que repousa no simiterio da Chacarita da nobre e fidalga Bos Aires, á espera de que poida ser traguido a descansar pra sempre na Terra que tanto amou.

## Febreiro 1955

(Dos Meus Recordos. Manuel García Barros, Ed. Galaxia, Vigo 2001, pax. 73-85)

## Biografía



**Alfonso Daniel Manuel Rodríguez Castelao** é un dos máis sobranceiros intelectuais galegos do século XX, anovador da nosa arte, destacou en diferentes expresións estéticas que van desde a pintura, a caricatura, o relato breve, a novela até o teatro, pasando pola súa faceta de ensaísta. Como político, é considerado o fundador do nacionalismo galego, entregando a súa vida á causa dos intereses económicos e dos dereitos políticos de Galiza, así como defensor da súa lingua e cultura.

Nace o 29 de xaneiro de 1886 en Rianxo, vila situada na ría de Arousa. O pai emigra ese mesmo ano á Argentina.

En 1895 embarca coa súa nai para Bos Aires.

En 1900 volve a Galiza coa familia e ingresa no Instituto de Bacharelato de Santiago.

En 1903 empeza a carreira de medicina, licenciándose en 1909.

En 1912 casa na Estrada con Virxinia Pereira.

En 1913 nace o seu único fillo Alfonso Xesús.

En 1914 ten o seu primeiro acceso de cegueira.

En 1918 participa na Asemblea Nacionalista de Lugo.

En 1919 intervéñ na 2ª Asemblea Nacionalista de Santiago.

En 1920 asume a dirección artística da revista "Nós", e expón as estampas do álbum "Nós".

En 1921 viaxa por Francia, Bélxica e Alemaña para estudar a arte deses países.

En 1922 publica "Un ollo de vidro. Memorias dun esqueleto", o seu primeiro relato publicado como libro independente.

Entre 1924 e 1925 publica viñetas humorísticas no diario "Galicia" fundado por Paz Andrade.

En 1925 publica "Cincuenta homes por dez réas".

En 1926 publica "Cousas" na editorial Lar.

En 1926 comeza as súas colaboracións humorísticas no xornal "Faro de Vigo".

En 1927 agrávase a súa doenza dos ollos.

En 1928 mórrelle o seu único fillo.

En 1929 viaxa a Bretaña para estudar os cruceiros dese país.

En 1930 o Seminario de Estudos Galegos edita "As cruces de pedra na Bretaña".

En 1931 participa no mitin conmemorativo dos mártires de Carral en Vigo e

no mitin da Alameda do Cruceiro de Ourense. Resulta elixido Deputado nas Constituintes da República.

En 1933 é nomeado académico da Real Academia Galega.

En 1934 asina o pacto de Compostela e xorde Galeuzca. Publica a novela "Os dous de sempre" e "Retrincos".

En 1936 volta a ser elixido deputado nas eleccións do 16 de febreiro. Dirixe a campaña a prol do Estatuto de Galiza.

En 1937 publica os álbums "Galicia Mártir" e "Atila en Galicia", en Valencia.

En 1938 viaxa a New York con Virxinia en campaña de propaganda a favor da República. Edita o álbum "Milicianos". Viaxa a Cuba.

En 1939 fai "Os debuxos de negros". Viaxa a New York e California. É nomeado Presidente Honorario da Federación Mundial de Sociedades de Negros.

En 1940 viaxa á Argentina con Virxinia e son recibidos con clamor en Bos Aires.

En 1941 estrea a obra teatral "Os vellos non deben namorarse" en Bos Aires e Montevideo.

En 1944 funda e preside o Consello de Galiza no que se integran os deputados Suárez Picallo, Elpidio Villaverde e Alonso Ríos. Publica "Sempre en Galiza" editado polo Centro Ourensán de Bos Aires, considerada a biblia do nacionalismo galego.

En 1948 pronuncia o ALBA DE GRORIA, o seu discurso máis fermoso e tamén o derradeiro no Centro Galego de Bos Aires. En "Alba de Gloria" non só expresa Castelao a saudade dos emigrados pola terra lonxana, endexa-mais esquecida, senón que dá forma a unha grande imaxe dunha Santa Compañía composta por galegos inmortais: santos, guerreiros, estadistas, nomes de ciencia e de letras que abraía o spectral misterio da alma dos galegos, para rematar coa máis belida e xusta evocación do pobo inmorrente de Galiza. Os emigrados, a tradición, o pobo, constitúen os temas de tres grandes frescos que o talento plástico de Castelao fixou en palabras, imposibilitado fisicamente de facelo nos grandes lenzos de parede con que soñou quizais na súa mocidade.

O 7 de xaneiro de 1950 un "carcinoma de pulmón" remata coa vida física de Castelao, pero quedará para sempre o seu legado artístico, político, humano.




Edita  
Concello da Estrada . Concellería de Medio Rural e Turismo  
www.turismo.aestrada.com  
concelleriaruraleturismo@aestrada.com

Coordinación  
Raquel López Doce

Textos  
Paulo Porta Martínez

Deseño e fotografía  
Tono Arias

Impresión  
Graficas Anduriña abril 2011



[www.mardecompostela.com](http://www.mardecompostela.com)

## Turismo Rural

- 1-A Nugalla** Curantes 986591600  
info@nugalla.com www.nugalla.com
- 2-Casa Grande de Vilanova** Remesar 986688216 / 667488953  
www.casagrandevilanova.com  
info@casagrandevilanova.com
- 3-Tenencia da Veiga**  
981574699 / 653552405 Arnois
- 4-A Casa da Botica** Loimil 986587893 / 677838858  
www.casadabotica.com  
susa\_cancela@yahoo.es
- 5-Val Fresco**  
Curantes 986681841
- 6-Torres de Moreda** Calobre 699339794 / 986584951  
www.torresdemoreda.com  
reservas@torresdemoreda.com
- 7-A Casa do Lagoeiro** Aguións 986584964 / 686466803  
www.casadolagoeiro.com  
info@casadolagoeiro.com
- 8-A Mimoseira** Nigoi 986573253 / 629839426  
www.casamimoseira.com  
reservas@casamimoseira.com
- 9-Casa do Forno** Nigoi 986633851 / 670200232  
www.casadoforno.com  
casadoforno@galiciaholiday.com
- 10-Casa Virxinia** Nigoi 981590935
- 11-Casa do Ignacio** Nigoi 986570726 / 696444643  
www.casaignacio.es/info@casaignacio.es
- 12-Casa Fernández** Tabeirós 986572716 / 696725802  
casafernandez1@gmail.com
- 13-A Casa da Pastora** Tabeirós 986570344 / 610715901  
http://www.acasadapastora.com  
info@acadapastora.com
- 14-Casa do Outeiriño** Tabeirós 986572716
- 15-A Casa do Avó** Codeseda 986850145 / 986866249  
www.casasaperegrina.com  
info@casasaperegrina.com
- 16-Casa Avelina Garrido** Codeseda 986584208
- 17-Casa de Brea** Tabeirós 627002554  
www.casadebrea.com  
casadebrea@casadebrea.com
- 18-O Palomar** Codeseda 986850145 / 986866249  
www.casasaperegrina.com  
info@casasaperegrina.com
- 19-Casa de Garrido** Souto 986584208  
www.casadebrea.com  
casadebrea@casadebrea.com
- 20-Casa de Marica** Parada 986584221 / 658497507  
www.casademarica.com  
casademarica@hotmail.com
- 21-Fonte Clara** Ribeira 986573209 / 655631140  
www.fonteclara.rural.tripod.com  
fonteclara@ferrol.net
- 22-Casa Concha** Ribela 986570807 / 630270300
- 23-Casa da Carballeira** Ribela 986689552 / 639277057  
casacarballeira@yahoo.es
- 24-Casa Claudina Tallón** Toedo 986572309 / 986571204


### FONTES

- Museo de Pontevedra-www.museo.depo.es
- Miscelánea histórica e Cultural, nº 1 (1988) e nº 2 (1999). Anuario do Museo do Pobo Estradense
- Manuel Reimóndez Portela" Fundación Cultural A Estrada
- Tabeiros-Terra. Xornal Cultural da Estrada, números IV a VII 1998-1999 Fundación Cultural A Estrada
- Cousas da Vida por Castelao.Ed. Galaxia Vigo 1978
- "Dos meus recordos" Manuel García Barros, edición de Carlos Loureiro, E. Galaxia Vigo 2001

Deposito legal  
PO 207-2011

# Mapa do concello da Estrada

## Roteiro Castelao





[www.turismo.aestrada.com](http://www.turismo.aestrada.com)

## Servicios Turísticos Concello da Estrada

### Restaurantes A Estrada

**Nixon** Avda. Ponteareas, 14. 986570261 / 655908650  
**Velis Nolis** Antón Losada 24.986590139 635016373  
**A Vila** Avda. Benito Vigo, 13. 986180315  
**Gran Vía** Avda. Benito Vigo, 27 986570611  
**Samaná** rúa Gradín, 45. 986180346  
**A Bombilla** Praza de Galicia, 5.986570335  
**Tasmania** Avda, Santiago 28.986572989  
**Os Peares** Waldo Álvarez Insua, 5. 986571036 / 690312223  
**Mesón Terra a Nosa** Avda. de Santiago, 12. 986571467  
**Sala Gradín** (grupos) Rúa Gradín, 27. 986570895  
**Hamburguesería Orly** Antón Losada Diéguez, 24 986572810  
**Hamburguesería Florida** Avda.Fernando Conde 986570264  
**Pizzería Argentinos** Burger  
Avda. Benito Vigo, 70 986571226  
**Casa Trabazo** C/ Ulla 32 986570045  
**Casa Neira** Serafín Pazo 8 986571872  
**Don Juan** Estrada de Codeseda, 37. 986572111  
**Tío Suso** Avenida Benito Vigo, 40-42 986 18 04 53

### Aloxamentos

**Pensión a Bombilla** Praza de Galicia, 5. 986570335  
**Hostal don Juan** Estrada de Codeseda, 37. 986572111  
**Pensión Bouzada** Avda. Pontevedra, 40. 986571452  
**Pensión Estación** Avda. Pontevedra, 42. 986570635  
**Hotel Summa** a Estrada Avda. Pontevedra s/n 986573535 / 986573536


### No Rural

### Restaurantes

**A Outeira** Couso. 986586540  
**América** Oca. 986587450 / 986587799  
**As Nieves** Arnois. 986587441  
**O Carballo Grande** Moreira. 986572835  
**Casa Regatos** Lagartóns. 986573649  
**De Couso** Couso. 986586599  
**El Emigrante** Loimil. 986587437  
**Las Camelias** Loimil. 986587500  
**Mesón a Casa da Fandiña** Cora. 986586441  
**O Cazador** Pena do Foxo, 18. 986588406  
**Bodedós** Balboa, 39, Arnois. 986587502  
**Raxería Matalobos** Matalobos. 986572862  
**Regenjo** O Soutiño, Toedo. 986570825  
**Río Liñares** Ponteliñares, Callobre. 986571520  
**Mesón Orestes** Arnois. 986587442  
**Casa Regatos** Os Bolos, Lagartóns. 986573649

### Aloxamentos

**Pensión María Jesús** Callobre. 986570787  
**Hotel América** Oca de Arriba, 986587450  
**Albergue** turístico hípico de Sabucedo  
Campo do Medio, s/n, Sabucedo. 680253068









Concello da Estrada  
Concellería de Medio Rural e Turismo  
[www.turismo.aestrada.com](http://www.turismo.aestrada.com)

